

Universidade de Vigo -
Registro Xeral

Seida Nº 201400018989
16/09/2014 10:26:37

De conformidade co disposto no Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, modificado polo Real Decreto 861/2010, do 2 de xullo, a Universidade de Vigo procedeu á adaptación das titulacións ao Espazo Europeo de Educación Superior. Este proceso vai culminar coa extinción de toda a oferta académica existente ata a entrada en vigor do R.D. 1393/2007.

A Disposición transitoria segunda a) do R.D. 1393/2007, antes indicado, modificado polo R.D. 861/2010 sinala:

"a) Aos estudantes que tivesen iniciado estudos universitarios oficiais conforme a anteriores ordenacións, seranlles de aplicación as disposicións reguladoras polas que tivesen iniciado os seus estudos, sen prexuízo do establecido na disposición adicional segunda deste real decreto, ata o 30 de setembro de 2015, en que quedarán definitivamente extinguidas. Iso non obstante, as universidades, sen prexuízo das normas de permanencia que sexan de aplicación, garantirán a organización de polo menos catro convocatorias de exame nos dous cursos académicos seguintes á citada data de extinción."

A Universidade de Vigo ten regulado que "Os plans de estudo correspondentes a títulos oficiais, modificados total ou parcialmente, extinguiranse temporalmente curso por curso. Unha vez extinguido cada curso, efectuaranse seis convocatorias de exame nos tres cursos académicos seguintes".

No momento actual, a Universidade de Vigo encóntrase con numerosas peticións de alumnos que permanecen en títulos en proceso de extinción e que, faltándolles pouca carga académica para finalizar os seus estudos, non poden optar á avaliación curricular e que solicitan a finalización dos seus estudos pola anterior regulación.

Sensible a estas peticións e co fin de facilitar a estes estudantes a finalización dos seus estudos, esta Reitoría acorda ditar a seguinte

RESOLUCION

1. Sempre que non se extinguiña a titulación e co obxecto de facilitar a conclusión dos estudos polos plans en proceso de extinción, nos supostos de adaptación obrigatoria por estar as materias extinguidas e non poder optar á avaliación curricular, poderase autorizar a realización de ata un máximo de 2 materias ou 12 créditos consonte un plan de grao para ser imputadas a un plan en proceso de extinción, sempre que exista equivalencia entre as materias.

2. Será competencia de cada centro establecer a correspondencia entre as materias do plan en extinción e as do plan novo. No caso de equivalencia total entre os créditos das materias, reconeceráselle ao alumno a cualificación obtida integramente. No caso de que unha materia do plan extinto teña a súa equivalencia en máis dunha do plan novo, o centro establecerá con anticipación o criterio para o reconecemento da cualificación.
3. Superada(s) a(s) materia(s), reconeceranse plenos efectos dentro do plan de orixe no que estea matriculado/a o/a estudante.



Vigo, 15 de setembro de 2014
Reitor

Salustiano Mato de la Iglesia